

PREMIO OTERO PEDRAYO 2016.

Casa-Museo de Don Ramón Otero Pedrayo, Cimadevila, Trasalba, Ourense.

Presidente do Parlamento, alcalde do concello de Amoeiro, presidente da Fundación Ramón Otero Pedrayo, membros do xurado.

Autoridades presentes.... Representacións culturais, artistas galardoados, Sr. presidente da Fundación Otero Pedrayo, amigas e amigos.

O pasado oito de xuño tiven a honra de presentarlle a Anxo Lorenzo, secretario xeral de Cultura, naquel intre presidente do xurado (en representación do presidente da Xunta de Galicia) e ao resto dos membros do xurado cualificador, a candidatura conxunta de dous artistas -ambos os dous escultores-, Manuel Buciños e Acisclo Manzano, a un dos galardóns de meirande prestixio e fonda significación: O Premio Otero Pedrayo.

Tal proposta mereceu a unanimidade de todos os presentes, circunstancia que din nunca se producira antes.

Instituído en 1977 -xusto un ano despois do falecemento do Patriarca das Letras Galegas- o premio nace, en pleno fragor político de transición democrática, da vontade institucional dos catro Gobernos Provinciais de Galicia -antes de que este noso país acadase a súa ansiada Autonomía-.

E nace coa finalidade manifesta de distinguir a unha personalidade, ou a un colectivo que, no fecundo ronsel de Ramón Otero Pedrayo, tivese achegado, ao longo dunha traxectoria salientable, o mellor da súa creatividade ou por ter emprendido accións culturais de relevo no ámbito do patrimonio común. É dicir, obras e actividades que contribuísen a impulsar e soerguer a identidade do noso pobo; das galegas e dos galegos, de dentro e de fóra da Galicia territorial.

Xa que logo, se facemos un breve repaso á longa listaxe -¡nada menos que trinta e nove edicións!- comprobamos que entre os homes e mulleres premiados -incluíndo, por suposto, aos colectivos, entidades e institucións- non abundan

os relacionados coas artes plásticas e con actividades creativas tan imprescindibles como a música, a danza, o teatro, o cine... Só por citar as eivas máis evidentes,

Con isto quero pór de manifesto que, a piques de se cumpriren catro décadas da súa existencia e innegable contribución, o Otero Pedrayo necesita, por parte das Deputacións convocantes e da Xunta de Galicia, que se incorporou ao premio con responsabilidade, cómpre, digo, **un pulo renovador**, un esforzo común para adecualo, na medida do posible, aos tempos que nos toca afrontar.

Non quixera, de ningunha maneira, que estas palabras se interpretasen como ansia de dirixismo. Moi pola contra, creo que convén aproveitar, por parte de todos os implicados, que a entrega do Premio teña lugar nesta Casa-Museo de Don Ramón, referente de digna, limpa e fecunda galeguidade, atendendo á solicitude do novo Presidente da Fundación, o amigo Juan Luís Saco Cid, unha circunstancia propicia, ideal para o futuro.

O mesmo que o comparten *exaequo*, que o **partillan fraternalmente** -diría eu- Manolo Buciños e Acisclo Manzano, dous grandes escultores, dous clásicos da Arte, con maiúsculas, que transcenden, que superan xa todas as modas, movementos e a vangardas.

Debemos nós, como organizadores, recoller o exemplo destes dous ourensáns, aos que felicito de todo corazón –e debo aclarar que Buciños, aínda que nado na provincia de Lugo, considérase, e considerámolo, **ourensán de pura cepa e pleno dereito-**.

E chegados a este punto, amigas e amigos, despois de lle entregar a Manuel García Vázquez e a Acisclo Rogelio Manzano Freire o **ouro simbólico de Ourense** (que diría un dos nosos grandes narradores de hoxe, Bieito Iglesias) reluciente de gloria e autenticidade...

...no mellor espírito oteriano, aglutinador e transversal, asentado na Terra Nai con fondas raiceiras e proxectado ao futuro con audacia, co valor e a coraxe que nos dá a **ourensanía**.

Esa OURENSANÍA QUE NON É O NOSO RASGO DE IDENTIDADE, como din algúns -seguro que por ignorancia dolosa-, senón UN SENTIMENTO COMPARTIDO, que vén de moi atrás, que permanece na actualidade e que está alí onde haxa un, ou unha, de Ourense, sendo, polo tanto, aberto, plural e universal. Nada que ver co localismo insolidario e mesquiño.

Como nos deixou dito Marcos Valcárcel, pouco antes do seu pasamento, nun memorable discurso no Teatro Principal, precisamente cando recibía este Premio, no 2008, **“unha idea de Galicia, a de Otero, vixente hoxe para definir, con valentía e conciencia, o que somos e o que queremos ser, útil para responder aos retos e dificultades do Século XXI.”**

Nesa idea oteriana compartida e integradora, coa que naceu este galardón, sen necesidade de “permanecer solemnes e transcendentales durante todo o tempo” como recomendaba outro dos nosos grandes, Eduardo Blanco-Amor...

...podemos proclamar e proclamamos desde o Ouréns de Afonso X, O Sabio (denominación medieval recuperada polo xenio literario de Xosé Luis Méndez Ferrín), desde a Oria e o Ourantes de Vicente Risco, desde a Auria do citado Blanco-Amor, desde unha realidade que sobarda o burgo que de ser unha vila pasou a cidade a partir de 1830, desde o territorio das augas que curan e reconfortan, algo máis ca unha provincia...

... honremos a Don Ramón Otero Pedrayo desde esta casa grande, non Pazo. Ollemos o mundo na obra de Buciños e de Acisclo, desde Cimadevila, Trasalba de Amoeiro.

Queridos premiados, amigas e amigos,

Viva Don Ramón! Viva Ourense! E Viva Galicia!

Beizón!